A reportaxe:

para saber máis sobre o que acontece

Unha reportaxe, para que?

Nunha reportaxe amplíase a información e incorpóranse perspectivas sobre un feito noticiábel, que normalmente foi ou é noticia nese momento.

O obxectivo é profundar sobre todo no como e no porqué.



A reportaxe: para saber máis sobre o que acontece

Así, por exemplo, tras ler unha noticia que se limita a contarnos como salvou a vida alguén pola aplicación dunha técnica médica novidosa, sería interesante saber:

- En que consiste e como se desenvolveu esa técnica
- Que avances nese ámbito está a facer a medicina
- A evolución doutros casos parellos noutros lugares do mundo

Ou, unha nova sobre as vítimas dalgún conflito no mundo informaranos de cantas persoas morreron, onde, cando e en que situación se produciu o feito, así como o seu motivo concreto. Pero non saberemos:

- Cales son as causas que provocaron esa crise, revolta, represión...
- Como o sofren outros protagonistas
- Como se espera que vaia evolucionar o conflito

Chegar a saber iso permíteo unha reportaxe, aínda que coa perspectiva do xornalista condicionando a nosa visión das cousas.

Para escribirmos a reportaxe

Tema de interese do que partimos
(que foi / é noticia)

Aspectos que queremos ampliar / incluír
(causas, consecuencias, perspectivas...)

Información que precisamos e como obtela
(feitos básicos + datos novos + declaracións...)

Organización da información
(cronolóxica, explicativa..., con apartados específicos)

Presentación da información
(apertura atractiva, combinación de datos e declaracións...)

Para escribirmos a reportaxe

Por exemplo

Tema de interese do que partimos

Aumento na venda de auga embotellada

Aspectos que queremos ampliar / incluír

Críticas, venda de augas *premium*, iniciativas fronte o consumo...

Información que precisamos e como obtela

Postura das organizacións ecoloxistas e de consumidores, datos sobre vendas, acceso á auga potábel no mundo...

Organización da información

Explicativa, con apartados sobre a situación específica no Estado, sobre as iniciativas institucionais...

Presentación da información

Apertura cun caso persoal, disposición das declaracións...

Estrutura da reportaxe

Titular

Apertura (entrada ou lead cos datos básicos dos feitos ou con algunha declaración)

Corpo (Contexto dos feitos, consecuencias, perspectivas)

Comezo que chame a atención

Presentación
- información esencial (datos)
- complementaria (descricións e declaracións)
- valoracións propias +recursos expresivos

Apartados con títulos

Abundante material gráfico

(como mínimo, unha imaxe con pé de foto)

Peche para concluír ou propoñer

Elementos e trazos da reportaxe

O titular

Tipos principais:

•Con recurso retórico (hipérbole, apelación ao lector...): *Necesitas a túa dose de auga mineral?*

•Con ambigüidade: *O prezo da auga mineral* [*prezo:* valor, custo, esforzo]

•Con reformulación de títulos ou frases feitas: *Auga que van vender, non a deixan correr* [sobre*: auga da que non vas beber, déixaa correr*]

PREGUNTA:

De que tipo será *Esta polémica vai en botella*
nunha reportaxe sobre o consumo de auga envasada?

Elementos e trazos da reportaxe

A entrada ou lead

Dúas grandes posibilidades:

•Cos datos das circunstancias (que, quen, onde...): *O consumo de auga envasada dispárase en todo o mundo a pesar do aumento das críticas polo seu impacto ambiental*

•Cunha declaración: *"Depreciouse a imaxe da auga da billa, cada vez dá máis apuro pedir un vaso de auga en vez dunha botella nos restaurantes", sinala Victoria Iglesias, directora de medio ambiente do Concello de Donosti*

PREGUNTA:

En que caso se achega unha visión obxectiva e en cal subxectiva?

Elementos e trazos da reportaxe

A apertura do corpo

Algunhas opcións para captar a atención:

A revelación de algo oculto na noticia: O petróleo e a auga embotellada rivalizan por ser a mercadoría cuxo comercio xera máis diñeiro no mundo. En ambos os casos, Estados Unidos é, con diferenza, o primeiro consumidor.

Algunha suposición intrigante: Terá a industria que comercia coa auga embotellada que ver co medre do número de persoas que non teñen garantido o consumo de auga potable? Indicios non faltan.

Unha anécdota ilustrativa ou a narración dun caso persoal: A vida de Boone Pickens, un multimillonario que se axusta ao ideal de empresario feito a si mesmo, está entre as favoritas da prensa estadounidense. Forxou a súa fortuna hai medio século nas explotacións petroleiras de Texas. E, con 80 años, segue interesado no subsolo. Só que agora, en vez de reservas de ouro negro, compra reservas de auga.

PREGUNTA:

Que caso sería referirse ás vendas dun restaurante concreto?

Elementos e trazos da reportaxe

A organización da información no corpo

Entre outras posibilidades:

Avance cronolóxico ou temporal: inicios do negocio da auga embotellada > procura de mercados e formación de hábitos > intereses actuais das multinacionais do sector > os movementos sociais de oposición > perspectivas de futuro

Avance explicativo: expansión do negocio da auga embotellada > aumento do consumo, mesmo das augas premium > críticas polo gasto en petróleo para a produción de botellas e no transporte > contraste entre a produción en España e nos EE.UU. > iniciativas para o fomento do consumo responsábel versus publicidade > contrapunto: acceso á auga potábel no mundo.

PREGUNTA:

Poderán coincidir nalgúns casos o avance temporal e o explicativo?

Elementos e trazos da reportaxe

A relación entre feitos-datos e mais declaracións

Combínanse en cada parágrafo a información e as declaracións

Exemplos

a) Feitos e datos:

• A súa botella cadrada de Fiji Water é un complemento habitual de moitos famosos, fascinados polo seu exotismo: a auga provén dun acuífero baixo dunha tupida selva desta illa (Fidxi) do Pacífico.

• Nas cartas dos restaurantes máis luxosos, figuran augas que proveñen dun manancial baixo un volcán xaponés (Finé), da chuvia recollida en Tasmania (Cloud Juice), ou filtrada de glaciares canadenses (Berg).

b) Declaracións:

• Coa auga "está pasando como ocorreu co viño, hai moito interese por coñecer augas con características singulares", segundo comenta Andrea Gambus, de Wawali, unha empresa especializada na distribución de augas *premium*.

• A compañía destaca que está a "centos de quilómetros de distancia de calquera continente".

PREGUNTA:

Relaciona os exemplos de *a)* e *b)*. De que xeito se unirían no texto?

Elementos e trazos da reportaxe

As citas

As declaracións aparecen normalmente como citas textuais (en estilo directo co uso de “comiñas” e verbos de dicción como afirmou, sinalou, manifestou, explicou...)

No inicio da oración:

"Aquí a auga da rede é de altísima calidade. O noso obxectivo é reducir na orixe a produción de residuos", sinala Victoria Iglesias, directora de medio ambiente da corporación vasca.

No final:

Irene Zafra, secretaria xeral de Aneabe, a asociación que representa o sector, alega ademais que outras bebidas incorren en custos similares ou maiores, "cando é moito máis saudable beber auga embotellada".

PREGUNTA:

Que cambios hai que facer en cada caso se queremos empregar os dous puntos para dar paso á cita?

Elementos e trazos da reportaxe

A presenza do emisor

Intercálanse valoracións do xornalista, ás veces con linguaxe expresiva

Algunhas fórmulas:

Afirmación (dunha postura) con perífrase: **Débese actuar** xa ante o empeoramento do acceso á auga potable no mundo.

Adxectivo valorativo: E, o que é máis **grave** aínda, nesta recóndita illa do Pacífico, case un terzo dos seus habitantes carece de acceso garantido á auga potable.
Se o prezo da auga mineral máis común é, en comparación coa que sae da billa, entre 350 e 1.000 veces máis caro, nestes casos a diferenza é **disparatada**.

Adverbio valorativo: Tamén se ofrece a través das billas cun custo enerxético **infinitamente** menor.

Comparación subxectiva: Este dito popular é **como o mellor informe**.

PREGUNTA:

Que fórmula será *O regueiro de críticas colleu a forza dun torrente*?

Elementos e trazos da reportaxe

Os apartados

Organizan os aspectos complementarios, con titulares e, nalgúns casos, en ventás

Algúns contidos típicos:

Forzas que causaron os feitos

Claves ou pasos para guiar o receptor

Perspectivas no futuro

Unha situación específica

Unha visión distinta

Algúns titulares:

A outra cara do negocio

Como deshabituarse

As campañas de publicidade

España non é Estados Unidos

Privatización sen límites?

PREGUNTA:

Relaciona contidos e titulares.

Elementos e trazos da reportaxe

O material gráfico

Imaxes

Gráficas

.....

O Restaurante Avenida XXI de Donosti sumouse á campaña do Concello para servir auga da billa nos seus menús- J. IRIARTE



Fonte: Informe sobre o desenvolvemento dos recursos hídricos no mundo. A auga nun mundo en cambio. UNESCO, 2009

PREGUNTA:

Que teñen en común en canto á forma ambos os elementos que se reproducen?

Elementos e trazos da reportaxe

O peche

Conecta no último parágrafo coa idea central da reportaxe e soe incluír:

Unha conclusión

Se hai un argumento común nos conflitos que se auguran para os próximos anos, ese é o acceso á auga. En Texas, a árida terra na que Boone Pickens se fixo rico, un dito popular sintetízao así: "Para beber, whisky; para pelexar, auga".

Unha suxestión ou proposta, etc.